

XII  
*Certame  
Literario*

*Concello de Paradela*

**Premios poesía e narrativa**

*Manuel-Oreste  
Rodríguez-López*

XII  
*Certame  
Literario*

*Concello de Paradela*

**Premios poesía e narrativa**

*Manuel-Oreste  
Rodríguez-López*

# Graciñas

---

Pois dasnos a oportunidade de achegarnos a centos de escritores ano tras ano. Este ano foron 165 traballos (83 en poesía e 82 en narrativa), todos eles van dende a profundidade do espírito ás inquedanzas da actualidade pasando por lendas, contos, etc.

Abrindo vieiros para todos aqueles que se queren achegar á obra comezada por ti, Manolo, e que segue a ser seiva viva polo vello da cultura Galega - Española.

Digamos que esta XII edición e coma un peregrino máis que, chegado ó Monte do Gozo, berra sen medo: ULTREIA (aglutinación de ultra e eia), que significa adiante; veña; sin pausa, como a roda do muíño do tempo que vai desgranando día a día, mes a mes, ata que de súpeto nos atopamos con “pero xa pasou un ano”, pois si, o tempo esmorécenos nas mans, coma si quixeramos agarrar auga e pechar a man.

Nembargantes, todo o que aluma este Certame Literario, NA TÚA HONRA, ten a virtude de arraigarse no tecido cultural, avivando a memoria do pasado e afincándose con fumaredas acesas nos camiños do tempo.

Ai! Manolo, supoño que dende a túa posición, a carón de Deus, estarás a ver con preocupación e tristeza o enfrentamento polas linguas, Catalán /Castelán, comezando tamén a controversia co Galego. Ti, Poeta-Escritor, que dende o teu coñecemento do Latín, Castelán, Catalán e Galego, linguas todas elas que ti soubeche modular, compatibilizar e usar, como CRONISTA oficial do Galeguismo en Cataluña. Aínda que a túa lonxanía do teo berce, fixo que primase o teu amor á Terra Nai, Galicia, converténdote nun dos referentes máis importantes da poesía Galega na emigración.

# Manolo

---

O gañador en Narrativa co lema R.MANNATA, cunha espléndida narración na que relata a crueldade da situación de tanta xente que vive na máis absoluta das miserias e arrisca a súa vida ó subirse a un caiuco para buscar una vida mellor, moitos deles ficando no intento, nun dos seus relatos di: “Devecía por entender outras linguas, que non entendía,... E tamén chegara que había moitas linguas, e que calquera delas podía aprenderse... soñaba ser un viaxeiro, que percorría ese mundo composto de moitos mundos dentro del, e cada mundo coa súa lingua e eu soñaba no meu soño que aprendía a fala de varios mundos distintos... E no meu soño acadaba o país soñado, a terra longamente agardada, o mundo das moitas falas, das xentes que falaban distinto e eu acadaba entender por que falaba coma eles.....”

(D. Rafael Laso Lorenzo).

Que todos sexamos capaces de entendernos e convivir dende a diversidade de linguas e culturas co esforzo necesario e o sentido común preciso, facendo que os soños dunha vida mellor non se esfumen e serva para unir, e non enfrentar, como ti ben fixeches e fas, unindo cultura Galega, Catalana, Castelá... con pluma fina e amor sincero a tódalas culturas.

Paradela, 9 de outono de 2007

**Xosé M. Mato Díaz.**

---

Prologo con pracer un libro cheo de aconteceres felices para a Nosa Cultura. Á continuación destas letras estarán os traballos premiados dunha nova edición e sementeira de palabras. Celebro facelo polo recoñecemento que preludia o libro en si e, logo tamén, porque ao abrillo nas súas páxinas brancas, de súpeto, como neste caso, empezaredes a ver signos e redondeces que parten da miña man, desta humilde man que lles escribe, e que van poñendo contorno máis ou menos definido a certas imaxes e lembranzas. Eu, mentres escribo, coido que estou apagando o silencio dunha páxina en branco. Así o advirto aínda a sabendas do fermosos que son por veces os silencios. Sobre todo cando un necesita reflexionar e centrarse nas preocupacións de cada día e que, nos tempos que corren, tanto abundan. Buscamos os silencios para escaparse dos ruidos que nos enxordan.

Permitídemme, pois, esta breve inxerencia miña para destacar a importancia dos Premios de Paradela. Destacar que un Concello pequeno se permita reparar en temas literarios e da arte que a tantos outros lles pasan -digamos- desapercibidos. Mais, permitídemme tamén, destacar a figura sobranceira do nome que estes premios, ano a ano, evocan. Pois levan o nome dun home que tiveron o enorme pracer de tratar por ser amigo dos meus amigos e, xa que logo, amigo meu. Eu souben del polo cura Mato e tamén estiven con el en Barcelona. Anque os mellores encontros eran os de Lugo, para falar e estarmos xuntos, case todos os veráns. Case sempre pola rúa do Progreso. Viña da redacción do xornal cando daquelas estaba alí no corazón dos pulsos da cidade. El tentaba atopar alí aos seus amigos.

Sabede, os que isto ledes, que Manuel Oreste era para min un home que sempre estaba e sempre viña. Sabede que estaba presente aínda no lonxe, porque non saía da Terra, ...quero dicir que non marchaba máis que fisicamente. Estaba ao día de todos os aconteceres e con esa estraña perspectiva dos que ven máis horizonte precisamente porque están lonxe. Pero Manuel Oreste nunca se ía de nós. Eu atopábao paseando Lugo. Notábase que viña respirando a cidade e recadando o aire das rúas, dos camiños de auga e pedra por baixo os ceos cincentos. Viña de Barcelona cargado de ansias e desexos que, probablemente, logo escachaban contra os muros de incompreensión endurecidos polas represións e silencios. Contábame dos seus libros e poemas, algún deles musicado polo meu compadre, tamén falecido, Suso Vaamonde. Cantas veces cantamos a de Vestida de aldraxe e mouras cubizas, ... E quen me había dicir a min que un poema que eu fixen "Quixo o paxaro posar na ponla o seu chíó" dedicado ao Suso cantor, chegaría a ser premio Manuel Oreste no ano 2000. Suso leuno, cando xa estaba ben enfermo, e gustou del, mesmo sei que se emocionou. Xuntámonos deste xeito nunha aventura común, de novo os tres.

Pero eu estaba contando, que en calquera encontro por Lugo con Manuel Oreste, ...preguntábame por el e polos outros amigos comúns. E falabamos tomando un café na esperanza de tempos mellores. Xa estivera por Randalfe

# Prólogo...

---

e por Paradela para cargar as pilas morriñentas desa soidade física da terra que poderosamente chama por nós. E viña a Lugo porque tiña que estar con nonseiquén. Aquel café era un agasallo compartido que desbordaba polos nosos moitos anceios. Gardo un grato recordo del, da súa paz interior, do seu ton humilde na fala, pois nunca erguía a voz, da súa sabia escoita e aguda observación, do seu agradecemento a Catalunya, da súa fachenda de ser galego e exercer coma tal en calquera foro. Non tiña presas e gustaba de saber o que pensabas. Un día falamos da beleza: "...todos lle queren botar a man. Vena e bótanse a ela con ansias de posesión. Non saben que sofren o espellismo dos que ven o brillo do ouro: e son tan só reflexos, ...nada mais que reflexos. A beleza é un ben a compartir, un ben observable. E un ben que para ser tal, debe ser de todos. Recreándose na súa garda para que dure, para folgar e compracerse nela. Pero non para posuíla en exclusiva e moito menos para apropiarse dela e negarlla aos outros. Si, lembro ese modo de pensar tan humano e profundo, mesmo solidario que chega a recoñecer que hai moitas cousas que só se poden facer, coma un rito, se participan moitos.

As súas leccións veñen hoxe moi a man para que eu deixo aquí a proba dos seus xestos e deixo sinal para a memoria, xusto nesta verbas que son lembranza.

Cómpre saber que sempre estivo, que nunca regresaba, que nunca abandonou o seu acento imborrable da orixe, nin a súa lingua e pertenza, porque iso era o seu todo. E, xa que logo, foi e foi enteiramente, con orgullo diante de tantas desercións que, aínda hoxe, non son máis que un modo non distinto de renegar, como outros xa fixeron, e que supón alonxarse ofendendo a Casa, esa que a todos nos acubilla. Ás veces mesmo se agrupan para facer forza contra as manifestacións da Cultura e da Lingua, que -anque non o crean- tamén é a súa, tantas veces e séculos desprezada e aínda de morte ferida. Se tivesen algo de memoria ou de vergoña, daríanse conta de que estamos diante dunha Galiza especulada por covardes e que, coma eles, se arrogan ofendidos sen se daren conta que son eles os que agriden, os verdugos que se delatan diante o espello continuando a vella tradición dos alleados.

Por iso, lembrade que a beleza, Galiza, é un ben para compartir e admirar, para exercer, nunca para ser posesión exclusiva e absurda de ninguén. Nin sequera para ningún tipo de reparto dos que créndose poderosos e sobrados queren organizarlle o porvir, a defensa ou o indulto á súa maneira. Na reflexión sosegada saberedes que nós somos moi breves, que é a Cultura a que nos posúe a nós. Nós apenas duramos unhas xeiras e pasamos nun devalo de egoísmo a ser po, tan so po dos camiños. É Galiza quen nos ve pasar a nós, de vagar e paseniño.

Felicidades aos premiados deste ano e que non decaia ese alento que inspira en todos nós Manuel Oreste Rodríguez López.

**Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero. 14 de xullo de 07.**

---

O Concello de Paradela, co obxectivo de potencia-la creación literaria, convoca o XII certame literario:

**PRIMEIRA:** Poderán concurrir anualmente ó certame literario Manuel-Oreste Rodríguez López, tódolos autores que o desexen, calesqueira que sexa a súa nacionalidade.

**SEGUNDA:** Establécese un premio de 600 € para a obra que resulte seleccionada polo Xurado no apartado de poesía e outro de 600 € para a obra que resulte seleccionada polo Xurado no apartado de narrativa.

**TERCEIRA:** Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos; nos dous casos mecanografiadas (ou a ordenador) e a dobre espacio. Deberán ser orixinais, inéditas, non premiadas en calquera outro tipo de concurso e estar escritas en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria; podendo o Xurado reservarse a facultade de conceder os accesits (carentes de dotación económica) que estime oportunos.

**CUARTA:** O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de dous mil seis. As obras enviaranse por sextuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema, á seguinte dirección:

**CONCELLO DE PARADELA**  
**Certame Literario (Modalidade Poesía / Narrativa)**  
**Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15**  
**27611 Paradela (Lugo)**

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do/a autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia e declaración formal de que a obra se axusta ás normas contidas na base terceira. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de participación nos dous apartados, deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

# Bases

---

QUINTA: O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo o día 1 de marzo de 2007 e farase público polos medios de comunicación; comunicándose personalmente ós gañadores. O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

SEXTA: O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas e accesits durante o prazo máximo de 6 meses, contados dende o momento do fallo.

SETIMA: As obras non premiadas, así como a súas plicas, non serán restituídas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López-2006.

OITAVA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, o día que estableza o Xurado.

NOVENA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria é da exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, 2006.



---

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas con trinta do día un de marzo de dous mil sete, o xurado formado polos Señores D. Eliseo López Rodríguez (Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de Paradela), como Presidente; D. Xoán Xosé Molina Vázquez (Ilmo.Sr.Delegado provincial de Cultura e Deporte); D.Santiago Rodríguez López (Fillo do homenaxeado); D.Xesús Mato Mato (Crego); D.Xulio Xiz (Funcionario da Delegación provincial de Cultura e Deporte); e D.Xavier Rodríguez Barrio (escritor) como vocais. E D<sup>a</sup>. Paula Esperanza Ramos Díaz, Secretaria do Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituído o xurado en forma e coa ausencia de D. Xoán Xosé Molina Vázquez, D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López, procedeuse a efectuar unha valoración da evolución experimentada polo certame literario dende a súa creación estando xa na súa 12<sup>a</sup> edición, efectuando un balance altamente positivo por canto pese a escasa cuantía ou escasa dotación económica do premio e o carácter de pequeno municipio rural do organizador, ano tras ano, mantense unha importante participación fronte a acadada en outros premios provinciais que contán cunha maior asignación económica, motivada en gran medida polo feito de que as obras premiadas e accesits son posteriormente publicadas, pese o importe esforzo que elo supón para o Concello de Paradela.

Elo motiva que o xurado estime convinte cara futuras edicións incorporar un segundo premio que permita responder a calidade das obras presentadas.

Respecto a presente edición o xurado igualmente resalta o gran número de obras participantes con gran protagonismo das recibidas fóra da comunidade autónoma.

A continuación o xurado procedeu a calificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas.

# Fallo do xurado

Acta de constitución

“XII Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López”

---

O xurado por unanimidade dos membros presentes, acorda:

**Primeiro:** Outorgar o premio de **POESÍA**, á obra presentada baixo o lema **Carpe diem**, titulada **No nome da nai**. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a **D<sup>a</sup>. Carmen Caramés Gorgal**, con enderezo en Santiago de Compostela.

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésit** no apartado de **POESÍA**.

-**Accésit**, á obra presentada baixo o lema **Argos**, titulada **En la noche del goce deseado**. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a **D. Alfredo Macías Macías**, con enderezo en Huelva.

-**Accésit**, á obra presentada baixo o título **Peregrino soy de la nostalgia**. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a **D. Manuel Luque Tapía**, con enderezo en Córdoba.

**Segundo:** Outorgar o premio de **NARRATIVA**, á obra presentada baixo o lema **R. Mannata**, titulada **Un sueño de mil dólares**. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a **D. Rafael Laso Lorenzo**, con enderezo en Vigo (Pontevedra).

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésit** no apartado de **NARRATIVA**.

-**Accésit**, á obra presentada baixo o título **Xalima Loio: Deus o vol**. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a **D. Francisco Piñeiro González**, con enderezo en Cervo.

-**Accésit**, á obra presentada baixo o título **Crónica do gran número**. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a **D. Iván García Campos**, con enderezo en A Coruña.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta por sextuplicado exemplar, que é asinado por tódolos membros, en Paradelas na data arriba indicada, sendo as trece horas e quince minutos, do que eu como Secretaria dou fe.



### **Carmen Caramés Gorcal**

Nacín en Santa Comba no 1966, segunda de seis irmáns. Aos 14 anos trasladeime a Santiago xunto coa miña familia para seguir o bacharelato, e dende entón resido nesta cidade. Licencieime en Filosofía e CC da Educación (Psicoloxía) e actualmente traballo nun IES da zona do Barbanza.

No ámbito literario, malia que levo dende moi nena facendo das letras o meu acubillo, a miña incursión na lingua galega é moi recente a pesares de que, paradoxicamente, foi a miña lingua materna e é na que habitualmente me comunico. Os meus primeiros poemas en galego datan do 2003 e mereceron o 1º Premio do Certame Rosalía de Castro do Centro Galego de Santander. Isto animoume a seguir escribindo nesta lingua na que en principio me sentía moi insegura, e así compuxen un 2º poemario que tamén foi recoñecido o pasado ano co accésit do “X Certame de Poesía Francisco Añón” do Concello de Outes. Estes recoñecementos supuxeron para min un gran aliciente e moita satisfacción, pero aínda sen eles, eu escribiría, coma o fixen sempre, por necesidade, sen máis pretensión que o pracer que me reporta.

# *da nai*

Carmen Caramés Gorcal

---

Ser un co outro, en verdade ser un,  
un corpo único, unha comunión perfecta.  
Só coñecín este xeito.

## I

Dende a doce espera  
ao día soñado,  
dende o berce do meu ventre  
aos meus brazos.  
E agora sei  
que non hai intre máis feliz  
nin outro ceo que agarde,  
que en verdade non hai  
nin dor igual  
nin querer máis grande.

Como se me aveñen as lembranzas e me posúen,  
non sei se para salvarme ou para mortificarme,  
pero canto te extraño!

## II

Quede, para a miña dor,  
a lembranza dos días máis fermosos,  
quede, para as miñas bágoas,

o eco da túa risa,  
e para onde non chegue a memoria  
nin a brevidade deste corpo fútil,  
queden, se acaso, estas palabras  
e un sinal na alma.

Será este o espazo onde achamos  
aínda despois do último escarnio,  
a canle que nos achegue e nos perpetúe,  
e máis alá das cinzas da memoria  
habemos continuar aquí, nestes versos,  
para mofarnos do tempo e do destino.

### III

Quizais sexan estes versos  
unha caricatura esperpéntica da loucura  
-non sei se pode haber en tanta dor poesía-  
pero eu escribo,  
para que non sexa de balde esta anguria,  
para que a pena non me cale e me devaste,  
para revelarme contra este destino  
que sempre me pode,  
para que me sobrevivas  
-como tiña que ser-  
e permanezas aquí, nestas palabras,  
cando xa eu non estea.

**IV**

Dúas veces te arrinquei de min, alma miña.  
Arrinqueite unha vez con dor e alegría:  
fermosísima dor, estoupido de grandeza,  
bágoas de mel sucando o teu corpo palpitante,  
trémulo latexar ao carón do meu peito.  
De ti bebín cunha sede insaciábel,  
de ti me alimentei,  
de ti vivín ata morrer;  
amadísimo pan que reconforta o meu seo,  
espiga de dozura  
onde os meus soños nacen  
e rematan.  
Mais velaquí estoutra dor sen esperanza,  
estoutro parto de negrura e agonía  
-este ha ser o inferno do que falan-  
Acudídemme!  
Devástanme as lapas deste lume doente,  
non me chega o alento,  
árdeme a alma nesta pira de espanto,  
quémame o ar.  
Acudídemme!  
Calquera dor, calquera dor menos esta!  
Ah, maldita! Maldita eternamente,  
erma para sempre,  
xa non medran en min  
máis cas hedras e a seca.

Procuro un espazo diferente  
onde proxectar a desesperanza, pero  
aínda agora a razón me pode e me atormenta.  
Ditosos aqueles que teñen fe!

V

Chove

-quizais se retorza o ceo de remorsos  
coma eu me retorzo de dor-  
mais eu agradezo esta misericordia que me empapa.  
É setembro pero xa se instalou  
o inverno nos meus ollos para sempre:  
frío, escuro. Para sempre.  
O meu corpo é hoxe o acubillo de tódalas ausencias,  
o vaso intemporal da soidade  
e éncheme esta choiva ata reverter  
- eu agradezo-  
Loado sexa Deus! O Deus  
que non tivo tempo para min.

Canto máis delicado máis me espanta  
este ledo piar dos paxaros,  
máis me aborrece a cor da primavera  
canto máis sutís as flores que a visten.  
Arrepíanme as risas que se filtran, insolentes,  
na miña dor escura.

**VI**

Non hai, meu ben, deserto máis extenso  
nin máis ermo que o meu corpo hoxe:  
telleira, pedregal baldío e infindo  
onde medran as gretas  
profundas e escuras que me labran.  
Non dou o meu pranto para tan amplo, desolado espazo.  
Vagas de soidade fixeron de min a súa casa.  
Prenderon no meu leito agonizante as raíces do infortunio.  
Que frío me percorre e me xea e non me mata!  
Canto me enche este baleiro que ensancha no meu peito  
o infindo espazo en que non te atopo,  
a nada que me traga!

**Carmen Caramés Gordal**





### Alfredo Macías Macías

Nació en Huelva en 1945. Es Licenciado en Derecho y Diplomado en Periodismo por el American Cultural Interchange; residió 4 años en Ginebra y viajó por gran parte de Europa. Ha publicado más de mil artículos en los principales diarios españoles, entre ellos, ABC y PUEBLO. Ha sido laureado con más de 600 premios literarios en las más diversas especialidades, conseguidos en sus sesenta años de existencia.

**Obra literaria:** Ha cultivado tanto la poesía como la narrativa, obteniendo numerosos galardones en ambos géneros literarios.

De su **obra poética** podemos destacar:

- "Piccolo concerto" (Bilbao : Comunicación Literaria de Autores, 1982) Poemario con el que quedó clasificado entre los finalistas de "Rosa de Oro" 1981, premio internacional de poesía que convoca CLAY/Ediciones.
- "El fin del mundo" (Aranguren, Vizcaya : El Paisaje Editorial, 1982)
- "El retorno de Ulises " (Bilbao : Comunicación Literaria de Autores, 1985).
- "Ceremonia de la transfiguración" (Granada : Ayuntamiento de Peligros, 1989), con el que recibió el Premio de Poesía Ciudad de Peligros en su edición de 1988.
- "Perfume de mujer " (Aruca, Gran Canaria : Tertulia Pedro Marcelino Quintana, 2004).
- "Prefacio al libro del Eclesiastés " (Murcia : Universidad, 2004). IV Premio de Poesía Dionisia García 2004
- "Laberinto" (Sevilla : Delegación de Cultura Excmo. Ayuntamiento de El Viso del Alcor, 2005). Primer premio del XV Certamen de poesía "José M<sup>o</sup> de los Santos" 2004.

Ha cultivado igualmente la **novela** y el **relato corto**:

- "Historias de Al-Andalus" (Madrid : Ayuntamiento de Torrejón de Ardoz, 1993). III Certamen Literario Nacional "Villa de Torrejón", 1992.
- "La casa de las geishas " (Madrid : Sociedad de Nuevos Autores, 1993).
- "Memorias de un seductor " (Madrid : Libertarias-Prodhufi, 1995).
- "Narraciones desde el Sur 2 : antología de relatos del Premio «Ciudad de Jerez» (Jerez de la Frontera, Cádiz : Ayuntamiento, 2001).

#### Referencias en Internet:

- "Escritor de Huelva gana el IV Premio de Poesía Dionisia García Universidad de Murcia" ([Universia.es](http://Universia.es), 18-6-2004)
- "El onubense Alfredo Macías Macías vence en el IV Certamen de Poesía Victoria Kent" ([Inforincon.com](http://Inforincon.com), 21-06-2005)
- "Rocío Díaz y Alfredo Macías ganan el Concurso Nacional de Prosa y Poesía" ([Noticias de Villarrubia de los Ojos](http://Noticias de Villarrubia de los Ojos), 17-8-2006)

#### Premios:

Entre los muchos premios literarios que ha cosechado podemos destacar:

- IV Certamen Literario sobre la Cultura del Vino, 2003, San Martín de Unx, Navarra. Premio especial por su interés local

# goce deseada. Lema: Argos

Alfredo Macías Macías

---

- IV Premio de Poesía Dionisia García, 2004 (Universidad de Murcia)
- XXIII Certamen literario de poesías "Premio Juan Ortiz del Barco", 2004 (Círculo de Artes y Oficios de San Fernando, Cádiz), por "El laberinto".
- Primer premio VI Certamen de poesía "José María de los Santos", 2004 (El Viso del Alcor, Sevilla), por su poema titulado "Laberinto".
- II Edición del Concurso de Relatos Breves "Cuéntanoslo", 2004 (Federación Española de Parkinson), 2º premio por su relato "El Abuelo no tiene quien le escriba".
- Premio especial I Concurso de Relatos Cortos ANNA, 2004, por "Carpe diem".
- IV Concurso de Poesía Rural "Luis Ayuso del Pozo", 2004, convocado por la Asociación Cultural 'Villa de Abades'. Primer accesit por su obra "Soy labrador".
- IV Certamen de Poesía Aljaraz, 2005. Primer premio por su obra "Vivir la vida".
- XXI Certamen Poético Internacional, 2005 (Centro Especializado de Atención a los mayores, Segorbe, Castellón). Premio especial "Tercera Edad", por su poema "Dívinas palabras".
- IX Concurso de Relato Breve "Villa de Binéfar" 2005, 3er premio por su relato "Amigos del alma".
- VIII Certamen de Relatos en Prosa 'Llibrería Delfos' Premio 'Villa de Argamasilla de Calatrava' 2005. Segundo premio por su relato "Viva Pancho Villa"
- XVI Certamen de Narrativa Corta 'Ciudad de Villa del Río'. Primer premio para la obra "El abuelo".
- XI Certamen de Narrativa breve, 2005 (Casa de Ceuta en Barcelona). Segundo premio para el trabajo titulado "Estrella Polar"
- IV Certamen de Poesía Victoria Kent, 2005 (Secretaría de Políticas de Igualdad de la agrupación socialista de Rincón de la Victoria).
- II Certamen Literario "Dulce Chacón", 2005 (Santa Cruz de Moya, Cuenca), finalista con su relato "Puente de los franceses".
- XV Concurso de cuentos "Ayuntamiento de Llodio", 2005, 2º premio por "La muerte de un poeta".
- VI Certamen de Relato Breve Navideño "Cuna del Canal de Castilla", 2005, Ayuntamiento de Alar del Rey. Segundo premio por la obra "Cena de Navidad".
- Primer premio Concurso de poesía del Carnaval de Cartagena, 2005 y 2006.
- Accesit X Certamen Poético "Pepa Cantero", 2006 (Baños de la Encina, Jaén), por su poemario "Ulises en Manhattan".
- XII Certamen Nacional Literario de Poesía, 2006, (Villarrubia de los Ojos, Ciudad Real), por la "Amada ausente"
- XXIV Certamen Nacional de Literatura "Castillo de San Fernando", 2006 (Ayuntamiento de Bolaños de Calatrava, Ciudad Real), en su modalidad de narrativa por su obra "Juanita Castro"
- Segundo premio "IX Certamen Nacional de Poesía Ciudad de Lepe", 2006, por "La mirada de Ulises".

I

He surcado de la vida sus senderos,  
como un pájaro que al final de la jornada,  
quiere borrar del barro sus pisadas,  
soy y he sido aprendiz de jornalero...

Por eso he sentido en mis carnes el vil acero,  
como un átomo del mundo y de la nada,  
he llorado al sentir la madrugada  
y ver mis carnes tiritar de miedo...

Soy poeta y como tal proclamo,  
que voy cumpliendo mis promesas, poco a poco  
y con mis manos ya cumplo lo pactado...

Que es contar los espacios disgregados,  
sin saber si es bien cierto o me equivoco,  
cuando repaso en sueños mi pasado...

II

Soy pescador de sueños, ya lo he dicho,  
mana mi corazón como una fuente,  
solo ausculto de noche, mi presente,  
no vivo de prebendas, ni caprichos...

No soy ni relamido, ni redicho,  
miro a los ojos, de cara, frente a frente,  
un manantial descubre mi corriente,  
solo un verso dejaré en mi nicho...

No he encontrado respuesta a la amargura,  
del alma que en la noche se consume,  
buscando la ruleta de la suerte...

Solo he dicho que el amor todo lo asume,  
aunque el polvo enamorado de la muerte,  
cubra de barro la triste sepultura...

III

Y es que el amor me alegra y me reclama,  
hiere mi pecho, se clava como espada,  
rompiendo mi dolor a dentelladas,  
forja mi dicha, la cubre y la proclama...

Como el fuego pausado de la llama,  
es un leve sonido de pisadas,  
un silencio de fuentes reposadas,  
un repique lejano de campanas...

## *En la noche del goce deseada*

Por amor la soledad yo la hice mía,  
ausentes ya mis ojos, ya velados,  
los recuerdos del marfil de tu cintura...

Que misterio, que dicha, que dulzura,  
que se cumplan los sueños deseados,  
en el Getsemaní de la poesía...

### IV

Gracias a tí, la noche es más preciosa,  
gracias a ti compongo rima a rima,  
cuando estoy junto a ti voy más arriba  
escalando la cima más hermosa...

Ya brilla el horizonte, con luz rosa,  
ya he sacado de mi pecho sus espinas,  
cuando estoy junto a ti el mundo estima,  
mi pasión soberana, esplendorosa...

Vivo contigo las horas del futuro  
y olvido mi presente y mi pasado,  
anclado a tí, sin sombra ni atadura...

Y me siento tan libre y tan seguro,  
tan feliz, tan locuaz y ensimismado,  
soterrado mi cáliz de amargura...

### V

Oh, ven mujer, dame la muerte  
y bésame para curar mi herida,  
pon en mis labios tu mano detenida,  
tu mano de bondad, tu mano fuerte...

No sé que puedo hacer para quererte,  
buscar del laberinto una salida,  
gozar de la caricia presentida,  
vivir con la locura de tenerte...

Culmina este fuego en que me abraso,  
en tu lecho de amor ya sin medida,  
en la noche del goce deseada...

Quiéreme hasta la aurora y el ocaso,  
dame ya la hermosura consentida  
ámame hasta que llegue la alborada...

**Alfredo Macías Macías**



### Manuel Luque Tapia

- Nacido en Doña Mencía (Córdoba) en 1962
- Licenciado en Filología Hispánica por la Universidad de Córdoba en 1986
- Profesionalmente trabaja como barbero
- Como escritor colabora en lecturas, actividades y revistas literarias
- Sus relatos y poemas han sido incluidos en antologías nacionales e internacionales
- Tiene más media docena de libros de poesía publicados
- Ha obtenido numerosos premios en narrativa y poesía. Cito algunos:
  - Premio Platero de Cuento 2003, Club del Libro en Español de las Naciones Unidas, Ginebra (Suiza)
  - Premio Nacional de Poesía Dolores Ibárruri 2003 “, Ándujar (Jaén)
  - Premio Internacional de Poesía Antonio Alcalá Venceslada 2004, Andújar (Jaén)
  - Segundo Premio en el II Certamen Internacional de Cuentos Terra Austral Editores 2004, Sydney (Australia)
  - Premio de Poesía Antonio González de Lama 2004, León
  - Premio de Poesía Amantes de Teruel 2006, Teruel
  - Premio de Poesía Rafael Fernández Pombo 2006, La Puebla de Montalbán (Toledo)

# *de la nostalgia*

Manuel Luque Tapia

---

La única patria de los hombres es su infancia  
Rainer M. Rilke

## **PEREGRINO SOY DE LA NOSTALGIA**

Peregrino soy de la nostalgia,  
susurro de viento en las esquinas de una infancia  
que nunca se fue para siempre,  
ni permaneció callada  
bajo el peso ineluctable de los años y el olvido.

Como proclama rutinaria,  
una sed de peonzas y tånganas  
inunda mis manos,  
racimos de recuerdos chorreando mi memoria  
junto al carillón cada atardecida.

Y es que aún el agua de la fuente en la plaza  
canta y borbotea tu nombre,  
patria mía,  
sobre la piedra que la ciñe la apacigua.

Tardes de nostalgia en unos pies cansados  
sobre cuestras de caminos polvorientos,  
testigos son los endrinos y los majoletos  
de mis pasos,  
centinelas a sus orillas apostados.

Y es que al igual  
que hay lutos en todas las memorias,  
al igual que todos los amores alzan murallas de distancia,  
también toda existencia levanta tapias de añoranza  
en el fondo del recuerdo.

Vuela el recuerdo desde las bardas de la plaza  
hacia las blancas fachadas enramadas de balcones  
por la calle regia,  
chorreras de nardos rezumando aromas.

Nunca sestea la memoria cuando el otoño arriba  
a nuestra estancia,  
rumia ausencias y tiempos desleídos  
que se rompen contra la vieja veleta  
que apunta ya al ocaso.

Infancia eterna  
que acarrea a los hombres tardes de nostalgia,  
cuando sola el alma errante  
busca resquicios de aquel tiempo  
y vuelve con la sombra a cuevas del niño  
que fui, en el parque  
donde mis rodillas infantiles  
sucumbieron al beso amable de la tierra,  
ungíéndolas de sangre.

## *Peregrino soy de la nostalgia*

Anida aún en el cierzo atardecido de mi carne  
todo el ajuar de aquella infancia  
a las sayas de una madre  
que salía a mi encuentro  
con los brazos siempre de par en par abiertos.

Peregrino soy de la nostalgia  
porque nunca  
se regresa demasiado a la tierra del primer beso.

**Manuel Luque Tapia**





### Rafael Laso Lorenzo

Nacín unha noite de inverno o 25 de xaneiro do ano 1965 en Xizno de Limia (Ourense), a vila atravesada polo antigo Lethes que facía perder a memoria ós bebedores das súas augas ou a aqueles que tiveran o valor de atravesalas, e que supoño iría rebozante naquelas datas. Ata os once anos e a carón das historias de meigas, mouros e tesouros dos meus avós (que talvez sin sabelo foron os primeiros en inculcarme a miña querencia polos contos) xoguei naquela inmensa chaira que algún día estivo ategada pola auga da lagoa. Esa foi a idade na que me trasladei a Vigo, cidade que talvez me teña absorbido por enteiro e na que resido dende entón (agás unha pequena paréntese en Redondela).

Son Enxeñeiro Técnico Industrial pola E.U.E.T.I. de Vigo na especialidade de Electricidade (centrais e redes) e compaxino o traballo na empresa privada coa miña actividade profesional por conta propia; ós poucos, vou escribindo algunha cousa. Na escrita empecei na adolescencia, pero tomeino máis en serio a partir do ano 2002. Neste ano ve a luz o meu primeiro relato (un pequeno conto que leva por título "O espello") nun volume colectivo publicado pola Editorial Ir Indo na súa colección Narrativa.

No ano 2004 publiquéi un pequeno libro técnico e tamén varios artigos no eido da miña actividade profesional.

No ano 2005 acadei o Premio do III Certame de Narrativa Pura e Dora Vázquez da Deputación de Ourense coa novela "Por que Baldomero Quintáns?" que ven de ser publicada recentemente (Xuño 2006).

E así, pouco a pouco, tento meterme no máxico mundo da literatura.

# *de mil dólares*

Rafael Laso Lorenzo

---

## **Un desexo de mil dólares**

### **Devecía por sentir outra pel na miña pel.**

Devecía por sentir outra pel na miña pel. Por sentir unha pel diferente, a pel dunhas mans que me agarimaran lenemente, sen que esa pel distinta da miña me fixese sentir diferente, me fixese sentir doutro xeito. Nalgures debería existir un tacto distinto ao da pel enxoiata e grosa dunhas mans encalecidas polo traballo duro de arrincar con elas os poucos froitos que podíamos procurar para o noso diario sustento. Unhas mans encalecidas, as miñas, que sempre sentiran distinto, que tamén é unha forma de non sentir. Pero a fame si que se sente e non pasa, a condenada lareca que roe no bandullo neses días en que non es capaz de levar algo a boca, porque nada atopas para levar. Por iso, durmindo, cos meus soños mergullados na negrura dun ceo estrelado, a penas traspasado por unha airexa quente, nin siquera morna para non abafar tanto, soñaba con esoutra pel, soñaba con esoutro tacto tépedo e amoroso, e de tanto soñalo remataba por abrazarme a min mesmo coma se os meus brazos fosen os brazos soñados, apertándome arredor do peito nú, ata que sentía o rascar da pel das miñas mans na miña propia pel. Era un soño repetido, todas as horas do sono, talvez todos os días, cando o manto estrelado da noite escura levaba a media aldea ao acubillo humilde de paredes de lama e teito de palla, teito cheo de fírgoas polas que entaban as raiolas da lene luz das estrelas.

E alí, naquelas casoupas, coido que outros coma min soñarían con brazos distintos, con mans de distinta pel que os acariñaran, como se acariña o lombo dun canciño. E naquela casoupa miña de lama e palla, da que saía cando a quentura da noite abafaba e non deixaba respirar, da que saía para deitarme enriba do chan de terra enxoiata e gretada, para deitarme soñando cos ollos abertos que algún día podería marchar aínda que fose cabalgando na luz das estrelas, que algún día podería marchar lonxe para atopar outros brazos que me fixeran sentir outra pel na miña pel.

### **Devecía por soñar os soños doutros soños.**

Devecía por soñar os soños doutros soños que nunca soñara, porque eses soños só poderían existir naquela terra que existía nos meus soños. E devecía por atopala, devecía por chegar a ela como se fose deixarse caer nos

brazos da muller que se ama. E soñei moitos soños nas noites de verán, e soñei moitos soños nas noites de invernía, aínda que na África a invernía non era como era no país dos meus soños.

E nos soños doutros soños víame nun mundo distinto, alonxado da miña casoupa de lama e palla, alonxado daquel sol que me abrasaba sen piedade nos longos días do verán, alonxado de aquela fronteira que só me traía lembranzas do deserto, seco, árido, morto.

E nos meus soños doutros soños so cabía un mundo sen deserto, un mundo cheo de auga, un mundo no que as pingas da choiva eran unha ledicia que viña dada sen desexalo, non como agora que era unha ledicia longamente desexada e de duración limitada, tan limitada que a auga da choiva escorregaba pola pel da faciana e mesmo antes de que as pingas acadaran o borde dos beizos xa case non existían, e que nada máis caer naquel chan poeirento morrían deixando unha pucharquiña lamacentas ou ás veces nin iso, que a terra quente, tan quente, axiña transformaba as pingas en vapor de auga que se esvaía no aire. E eu devecía por atopar ese lugar que soñaba dentro dos meus soños, ese lugar onde a terra enxoita non mataba a auga mesmo antes de nacer. Devecía, sentía, quería, soñaba, si, con toda a forza do meu ser, ese mundo lonxano e distante, ese mundo no que podería sentir a choiva mollando o meu corpo, deixando a miña roupa enchoupada, húmida, fresca, esa roupa que tamén soñaba no meu soño, porque aquí pouco máis que andaba cuns farrapos vellos. E soñaba con todo iso dentro do meu soño, e o meu soño tiña un prezo exacto: mil dólares.

### **Devecía por amar a quen nunca amara.**

Devecía por amar a quen nunca amara. Devecía por sentirme amado, porque os seres que me deron a vida pouco máis que iso me deran. Meu pai deixoume os meus soños, que quizais eran os seus propios soños, porque saíu na procura deles cando era eu aínda moi neno, sen destetar, e nunca máis del soubemos, que quizais morreu, talvez dentro do seu propio soño. Non me sentín amado por el, pois non tiven tempo. E os aloumiños da miña nai duraron pouco, porque a malaria rematou con ela e eu fiquei só, sen ninguén. Os veciños da aldea termaron de min para que non morrera, e así fun medrando, amodiño, que a fame era moita e a necesidade tamén.

E medrei sen coñecer o que era querer, sen coñecer o que era ser querido, quizais porque endexamais ninguén me quixera, porque as únicas persoas que podían quererme fuxiron da miña vida coma un lóstrego nun día de trebón.

E por iso no meu soño, desexo amar, amar a algunha muller que coma min, talvez, nunca tivera sido amada, e soñaba ser amado por ela coma nunca ninguén me tiña amado a min.

E naquel país lonxano do meu soño, o soñado sempre se cumpría, e a muller soñada aparecía, para amarme, para quererme, para non deixarme xa ata a fin da miña vida, e aínda soñando unha nova vida despois da morte estaba ela alí, comigo, que seguía queréndome e amándome como ninguén me quixo.

E ese país lonxano co que eu soñaba, con esa muller que agardaba alí por min para amarme, para quererme, con todo iso que estaba dentro do meu soño tiña novamente un prezo exacto: mil dólares.

**Devecía por sentir uns brazos que me abrazaran.**

Devecía por sentir uns brazos que me abrazaran, porque xa non lembraba os abrazos da miña nai, perdidos para sempre no recuncho ese do maxín que é coma o país de nunca máis no que unha vez que se entra non se pode voltar, e por iso as lembranzas alí apreixadas fican perdidas para sempre.

E no meu soño soñaba sentirme apreixado entre uns brazos finos, de pel escura como a miña, e tacto doce e lene, uns brazos que me apreixaban con moito agarimo, uns brazos arredor de min como unha boa xigante da selva que me apreixase sen querer afogarme. Brazos dun corpo pegado a min fortemente, un corpo do que soñaba o latexar do seu corazón acompasado co meu, un corpo cunha cabeza na que as fazulas se apretaban contra das miñas fazulas, na que unha boca deitaba doces palabras no aire, aire que transformado en alento sentía na miña caluga, agarimándome, aloumiñándome, facéndome sentir eses brazos que me apreixaban nun longo abrazo que nunca sentira.

E soñaba tamén ese abrazo, forte e garimoso ao mesmo tempo, cando pola noite nos metéramos no leito, para amarnos, para durmirmos despois, sen soltarnos un do outro, cando as rúas das cidades percorridas polo día co cesto de cedés piratas e chilindradas baratas ían sendo engulidas pola noite, porque iso era o que se contaba das novas que chegaban dos que acadaran o seu soño, que andaban percorrendo as rúas da cidade, os bares, os cafés ou pousaban a manta coa mercancía nunha praza ata que a chegada da policía os facía recoller o petate e fuxir con todos os soños envoltos naquela manta.

E eu quería acadar tamén o meu propio soño, no que soñaba eses abrazos longamente desexados, eses abrazos que, coma todo, tiñan un prezo exacto de mil dólares.

**Devecía por sentir unhas mans que me aloumiñaran como nunca o fixeran.**

Devecía por sentir unhas mans que me aloumiñaran como nunca o fixeran. Quería aprender novamente o que era un aloumiño. Si, quería, necesitaba, desexaba. Talvez, porque os tiña esquecidos, esquecidos porque as cousas que non sintes moito rematan esquecéndose.

E no meu soño, no meu longo e duradeiro soño, soñaba os dedos dunhas finas mans que aloumiñaban o meu cabelo encrechado de negra cor.

E no meu soño, no meu longo e duradeiro soño, soñaba que as xemas deses dedos percorrían toda a superficie da pel do meu corpo, e nalgures sentía as cóxegas que me facían rir a cachón, pregando aínda así que non parase porque non quería deixar de sentir aquelas mans.

E no meu soño, no meu longo e duradeiro soño, soñaba tamén que as xemas deses dedos percorrían a pel mollada do meu corpo despois de saír da auga ou despois de mollarme coa choiva imprevista e que no seu percorrido ían matando todas as pingas que encontraban ao seu paso.

E no meu soño, no meu longo e duradeiro soño, nese soño que empeza e que non sei cando remata, soñaba os dedos cravándose nas miñas costas co pracer de amarnos, pracer mudado en aloumiño forte, en tacto apreixante, pero aloumiño ao fin.

E no meu soño, no meu longo e duradeiro soño, os dedos que me aloumiñan van debuxando na miña pel un debuxo longo que toma a forma da contorna dos meus beizos e que no remate finda cun dedo pousado sobre eles que eu bico docemente.

E ese bico doce que eu pouso sobre a xema do teu dedo, ese bico que eu soño dentro do meu longo e duradeiro soño, ese bixo que devezos, ese bico que desexo, ese bico ten novamente un prezo exacto de mil dólares.

### **Devecía por sentir cousas que nunca sentira.**

Devecía por sentir cousas que nunca sentira: amor, talvez odio; ledicia, talvez tristura; soidade, talvez compañía; tranquilidade, talvez desacougo. Si, sentir cousas e talvez o contrario desas cousas, porque din que de todo se aprende, do bo e do malo.

Nunca odiei, e nunca amei. Nunca estiven triste, talvez porque nunca coñecín a ledicia. A soidade coñecina fondamente na aldea de casas de lama e teitos de palla, a soidade de non ter familia, de vivir sen pai, nin nai, tan só viciños. Por iso soñaba un soño cheo de compañía, unha muller, uns fillos, unha compañía distinta á que tivera ata agora. Tamén coñecía a tranquilidade e o desacougo. Pero no meu soño soñaba unha tranquilidade diferente: a tranquilidade de saber que has de xantar mañá, que non terás que pasar fame. E no meu soño soñaba un desacougo distinto a aquel que me invadía cando na aldea se me daba por cavilar, por pensar no vindeiro día de aconteceres incertos.

Nunca odiara, quizais porque nunca tivera ocasión. Só tiña razóns para odiar a miña propia existencia, o meu propio destino que me privara dun pai e dunha nai, dunha familia. Non sabía o que era odiar a outra persoa. E na vida hai que aprender de todo. Por iso, aínda que sexa algo increíble, no meu soño tamén soño que aprendo a odiar.

Nunca amara, quizais porque tampouco tivera a ocasión. E no meu soño, soñaba que aprendía a amar, que amar era sentir como te amaban, que sentir amor era sentirse amado. E aqueles brazos que me amaban, abrazábanme no meu soño para amosarme así que o facían verdadeiramente. E moitas veces, nese punto do soño, a sensación de sentir eses brazos que me amaban era tan forte que facía que me despertase. E despertando, decatábame que o sentir odio ou amor, soidade ou compañía, tranquilidade ou desacougo, era como un paquete que se mercaba nunha tenda a un prezo marcado nunha etiqueta que indicaba exactamente mil dólares.

### **Devecía por entender outras linguas que non entendía.**

Devecía por entender outras linguas que non entendía, porque na aldea moitas veces xa nin se falaba, cadaquén sabía o que tiña que facer, e a nosa fala mantíñase só para o necesario. E outros, que estiveran aló no mundo dos soños que eu soñaba, fixeran chegar a nova de que nese mundo a xente falaba de seguido, mesmamente sen ter nada que dicirse, só polo pracer de falar. E a xente falaba de si mesma e dos demais, e outras xentes berrábanse con voces altas, e talvez isto fora unha necesidade de sentirse escoitados. E tamén chegara a nova de que había moitas linguas, e que calquera delas podería aprenderse.

Por iso, durmido no meu leito dentro da casoupa de lama e teito de palla da aldea, soñaba ser un viaxeiro que percorría ese mundo composto de moitos mundos dentro del, e cada mundo coa súa lingua, e eu soñaba no meu soño que aprendía a fala de varios mundos distintos.

Porque eu desexaba saber outras linguas, outras falas para falar, para poder contarlle aos demais que me entenderan todo ese meu mundo de silencio, porque na aldea moi poucos eran os que falaban comigo. Un mundo cheo de silencios, un mundo silandeiro que o único que facía era potenciar os meus soños, un mundo no que falaba noutra fala, con xentes que me entendían e que me falaban a min, un mundo cheo de palabras, e de cancións, e cheo de conversas.

E no meu soño, acadaba o país soñado, a terra longamente agardada, o mundo das moitas falas, das xentes que falaban distinto e que eu acadaba entender porque falaba coma eles.

E no meu soño, o falar tamén costaba cartos, moitos cartos, porque talvez o meu mundo soñado non era tan bo, xa que case todo se acadaba con diñeiro. E para acadar o meu soño precisaba xustamente mil dólares.

### **Devecía por ver as paisaxes que nunca vira e percorrer camiños que endexamais percorrera.**

Devecía por ver as paisaxes que nunca vira, porque estaba canso e farto de ver sempre o perfil das casoupas de teito de palla recortarse contra o ceo infindo da chaira.

Devecía percorrer camiños que endexamais percorrera, porque estaba canso e farto de percorrer os camiños de terra pedregosa, poeirentos, enxoiotos, que levaban dende a aldea ata o río sempre seco, ata a fraga de árbores mortas.

E sabía, sen saber, que aló ao lonxe, onde o sol deitaba os derradeiros raios antes de agocharse nun estertor final que indicaba o remate do día, aló, existía ou tiña que existir outra paisaxe distinta da miña chaira de terra morta e abrasadora. Na aldea sabíamos cousas sinxelas, simples: ou hai ou non, o que teño eu pode ser que non o teña outro, se a choiva non vén á nosa terra será porque está mellor noutra terra distinta que lle da máis agarimo.

Nalgures debería existir a terra da choiva. Nalgures deberían existir camiños onde a poeira non fose quen mandase.

Eu devecía por ver paisaxes molladas, húmidas, ategadas de pozas lamacentas ou de pozas de auga clara. Devecía por perderme e alonxarme por camiños diferentes ao meu camiño poeirento no que o rastro remataba por morrer mudado nun po fino que se pousaba en todas partes, quizais tamén nas propias entrañas.

Pero eses camiños costaban cartos. E as paisaxes que quería ver e coñecer precisaban ser previamente pagadas. E cando estaba no mellor do meu soño, os camiños e as paisaxes viñan a min cun cartel de cartón escrito, no que un prezo de mil dólares ficaba quedo, mudo, como testemuña verdadeira do valor do soñado.

### **Devecía por unha terra mellor que non abrasara baixo dos meus pés.**

Devecía por unha terra mellor que non abrasara baixo dos meus pés, cansos xa da quentura do forno que tiñan embaixo. Coa pel da pranta encalecida e dura, que xa nin as cóxegas feitas coa pluma de pato eran capaces de sentir. Unha terra que, calorosa, vaporizaba as pingas de auga da pouca choiva que caía ás veces, sen deixar que o líquido pasase a enchoupar sequera o pequeno espacio ocupado pola pinga.

Noutras partes tiña que haber camiños nos que auga penetrase, camiños de terra que mollados tornasen camiños lamacentos nos que os pés nus puidesen sentir a humidade da terra da que din que un día saímos e que outro día voltaremos.

Noutras partes tiñan que existir camiños que non levaran a ningures, como os de aquí, que remataban sempre na estensa chaira na que a vista se perdía, sen chegar nunca a albiscar o remate da mesma. Si, porque para que a existencia dos camiños se non ían cara algures, se só estaban por estar. Quizais no meu país, os camiños eran así para que a xente non marchara, qui-

zais eran así para que todos estivésemos presos nunha especie de cadea que era a propia terra.

Pero un día trouxeron novas de terras onde os camiños eran negros, estreitos e longos. A xente percorría eses camiños en coches e carros motorizados. E non sentían a quentura do camiño nos pés. Eu quixen atopar o país deses camiños e na procura deles atopeinos na miña propia terra, lonxe, moi lonxe da aldea. E os meus pés descalzos e nus sentiron a quentura daquela cousa negra que se perdía ao lonxe. Tamén queimaba, pero alomenos non tiña pedras que mancaran. E pensei que ao mellor non todo era tan bo como dicían, ou como eu soñaba. Pero seguía tendo o soño de camiñar camiños de terra que non queimase, camiños de terra mollados, e soñaba con eles e sabía que existían, e o existir tiña un prezo a pagar: mil dólares, mil dólares era o que valía o traxecto que me separaba daqueles camiños soñados.

### **Devecía por un aire fresco da mañá que nunca coñecera.**

Devecía por un aire fresco da mañá que nunca coñecera. Nunca, porque na aldea as mañáns, todas as mañáns, eran quentes a máis non poder. E os mediodías, e os seráns, e ata no solpor a quentura do aire era abafante, deixando ata xa entrada a noite unha sensación calorosa que se perdía só cando o escintilar das estrelas enchía a negrura do ceo. Por iso, moitas veces deixaba o meu corpo abandonado ao sono na area do chan diante da porta da casoupa xa que dentro dela non se aturaba.

Por iso tamén, no pouco inverno (que non pasaba de ser un outono menos caloroso) todos os rapaces seguíamos espidos para sentir o pracer do tacto, do sopro do aire fresco enriba da nosa pel, semellante a unha caricia lene e garimosa coma a dunha nai. Caricias que eu pouco puiden disfrutar.

E cando iso, cando os raios do sol temperán deitaban a súa frouxa quentura primeira sobre as miñas costas, tumbado aínda á porta da casoupa, sabía xa que o novo día sería tamén inaguantable coma o anterior. E medio durmido, seguía o meu soño de acadar un país onde o propio aire que tiñas que respirar non fose quen de impedir que o fixeras, que mesmo ás veces daban ganas de deixar de existir só por non respirar o aire quente. E nese medio soñar, entre desperto e durmido, imaxinábame cruzando o océano, loitando contra as ondas de auga salgada, na procura da terra do aire fresco na mañá, e xunto a min outros máis para os que se cadra o soño tiña exactamente o mesmo prezo xusto que tiña para min: mil dólares. Mil dólares que tiña que xuntar, paseniño, a forza de querer ver realizado o meu soño no que unha vaga de aire fresco me daba lavazadas na faciana cada vez que saía á rúa pola mañá. E só iso, nada máis: que son moitas as cousas que teño que facer para xuntar un feixe de papeis que ao final son tan só mil dólares. Mil dólares son os que me afastan do meu soño. Que fas co teu soño máis deseñado cando costa mil dólares?



**Devecía por unha airexa morna no solpor que nunca me abafase.**

Devecía por unha airexa morna no solpor que nunca me abafase ao sentarme en crequenhas na porta da casoupa que me daba acubillo, procurando a pouca sombra que deitaba o tellado de palla.

Porque na aldea non hai diferencias entre a quentura do amencer, do día, do solpor. Só á noite baixa algo esa sensación de afogo, de calor abafante. Porque a airexa morna que se achegaba sempre co solpor, abafaba tamén coma se fose un xigante de grandes mans que apreixaban os nosos corpos, as nosas gorxas. E toda a xente da aldea, sentábase daquela procurando os recunchos ao abeiro do manto escuro que as sombras ían deitando. E nos solpores do verán, aquilo era aínda máis duro, máis abafante, que non había xeito de tirar de un a sensación de quentura, o bafo pegañento daquela airexa que percorría a aldea, meténdose por entre as casoupas, polos rueiros enxoiros erguendo unha poeira mesta que mesmo semellaba unha nube de brétema.

E un deses días escoitei novas de terras nas que a airexa era fresca, nas que a airexa da tardiña era un sopro lene coma un calafrío, que a penas ourizaba o velo da pel, e que mesmo era agradable. Terras nas que a xente estaba contenta coa súa airexa da tarde, fresca no verán e no outono, máis fría no inverno e na primavera. E desexei que a miña casoupa estivera nesas terras de airexa respectuosa e garimosa coa xente, airexa que viña fresca no solpor para relaxar as quenturas do día. Desexeino, si, só para poder sentarme á porta da casoupa e non sentir aquel bafo pegañento que decote sentía. Por iso, as máis das veces, soño verme sentado á porta dunha casa distinta, e que unha airexa fresca chega de lonxe para envolverme no seu manto de frescura, tal como se fora unha nai abrazando a un fillo. E sei (isto xa non é un soño) que, como todo, ese desexo ten un prezo de mil dólares, os mil dólares que vou xuntando pouco e pouco para pagar con eles o billete á terra dos meus soños.

**Devecía por ver devalar as pingas da choiva nos cristais deixando unha ringleira mollada do seu paso.**

Devecía por ver devalar as pingas da choiva nos cristais deixando unha ringleira mollada do seu paso, talmente que fora unha fieira de formigas en perfecta procesión de retirada cara o seu recuncho. Pingas que no seu camiño engordaban ao xuntarse unhas con outras, no mesmo xeito que escoitei dicir ao Mleku, o vello da aldea, que fai a neve cando unha bola vai costa embaixo. Lembro cando era máis rapaz e ía cos outros rapaces onda Mleku. Falábanos das cousas que tiñamos que saber, das prantas que tiñamos que coñecer e contábanos contos que ningún de nós sabía. E nunha desas foi cando nos falou da neve. Unha neve que el coñecera sendo rapaz, porque

vivía con seus pais noutra aldea, ao pé da montaña, e na montaña nevaba no inverno, poñéndose branca no cumio e nas ladeiras. E varios dos mozos máis afouts da aldea ían aló, e baixaban cunha bola de neve que rachaban na aldea. A neve estaba fría ao tocarlle coas mans, e se a sostiñas un intre ía derretindo, mudando en auga que pingaba e escorregaba por entre os dedos deixando unha ringleira mollada no seu devalar.

E como o vello Mleku, eu quería ver algo así, e xa de non ver a neve, abóndame con ver a auga da choiva que case nunca vexo na aldea. Choiva que bata contra os cristais das fiestras e devale en pingas presurosas de percorrer un camiño xuntándose unhas con outras ata formar unha pinga máis grande que remate por esnaquizarse en pingas pequeniñas ao toparse co marco e caír ao chan.

Sei que hai terras onde chove máis que na miña e eu quero ir a esas terras. Quero sentirme unha pinga mollada devalando polo cristal dunha fiestra. Pero nesas terras todo costa cartos. E chegar a elas tamén. E o meu querer ten un prezo exacto e xusto, invariable, un prezo de mil dólares. Mil dólares son os que me separan do meu anxeio.

### **Devecía por ulir o arrecendo da terra húmida despois da choiva.**

Devecía por ulir o arrecendo da terra húmida despois da choiva, pero de xeito continuo, de seguido, non só un intre pequeno como na aldea en que vivo, onde a terra, enxoita e aberta en chagas, absorbe as pingas de auga nun abrir e pechar de ollos, que nin tempo da para ver a pucharquiña lamacenta das pingas. Que nin tempo da a que o arrecendo da terra húmida se mantéña o tempo suficiente para sentilo. Porque a min gustaríame que o arrecendo da terra húmida durase coma se fose o dunha flor que apreixara coas miñas mans. Arrecendos mantidos, duradeiros: o da palla seca do tellado, o da terra, o do leite morno recién ordeñado da cabra. Arrecendos que perduran, que viven. E na aldea, o arrecendo a terra húmida era un cheiro a morte, por escaso, por pequeno, por curto.

E sei que na terra coa que soño hai choivas duradeiras, que fan sentir o arrecendo da terra húmida durante longo tempo, un arrecendo que entra polas foxas nasais e chega ata o máis fondo de un mesmo, facendo sentir que se forma parte del, dese arrecendo a terra húmida que nos fai sentir a propia terra.

E esa terra está moi lonxe desta miña terra, afastada de min por un arrecendo permanente e grande, polo cheiro dun mar de auga salgada que terei de aturar durante longos días se quero chegar a ela. Un cheiro húmido que non é o da terra mollada do camiño, que é tan só o do camiño líquido que preciso atravesar para acadar o meu soño, para acadar a miña terra desexada fortemente, agardada longamente, que se mantén na lonxanía da súa propia existencia agardando por min e por moitos coma min. Unha terra que

quero facer miña, porque a miña terra verdadeira empúrrame fóra dela coma se non me quixera. E ao tempo que me vai botando, vou contando os cartos que me faltan para acadar o meu premio, vou cheirando eses anaquiños de papel de cores que me permitirán acadar o meu soño. Eses anaquiños cheiran mal, cheiran a podredume e a morte. Cheiran a envexa e carraxe, pero xa me falta menos para os mil anaquiños.

### **Devecía por sentir a auga percorrendo a pel do meu corpo.**

Devecía por sentir a auga percorrendo a pel do meu corpo, de seguido, durante un longo intre. Sentirme como o vidro dunha fiestra percorrido polas pingas da choiva no seu devalar. Meterme baixo dunha billa de auga, na que non se poidera parar a auga, que botase sempre, non coma no tanque da aldea onde a auga sempre estaba racionada, en partillas, e non había para máis, que logo non quedaba.

Soño co meu paraíso da auga, un paraíso no que poida mergullarme nun tanque propio, nun tanque para min só, pechando os ollos e a boca, contendo a respiración todo o tempo que sexa capaz para así poder soñar baixo da auga, para sentir os meus soños mollados polo meu propio soño. Aturar, manter o aire nos pulmóns ata o intre de saír, para entón sentir a auga que devala pola pel da miña faciana, dos meus ombreiros, do meu peito. O meu peito, esa caixa onde late un corazón empurrado polo desexo de deixar este mundo seco onde vivo, empurrado polos soños que soño ata desperto, empurrado pola certeza dunha mellor existencia noutro mundo que agarda por min, noutro mundo no que a auga non da preocupacións, noutro mundo ao que chegarei atravesando un mundo de auga durante unha xeira de longo percorrido. Pero sei o que soño, e sei o que me agarda alí: agárdanme todos os meus desexos, todos os meus soños, porque todos eles irán comigo nun barco que aínda agora se está construíndo pero que xa está perto a rematar-se. É o barco dos meus soños, o barco dos soños de cen persoas que soñamos coa chegada ao mundo soñado por todos. E todos xuntos acadaremos así o soño común, un soño de cen soños que valen mil dólares cada un. E na travesía, na longa travesía que nos agarda, a auga salgada do mar percorrerá toda a pel do meu corpo, a xeito de anticipo desa outra auga doce que o percorrerá na terra do noso soño. E de momento soño só, porque non coñezo aos outros noventa e nove soños que, coma o meu, teñen un prezo xusto de mil dólares.

**Devecía por unha vida diferente para a miña propia vida.**

Devecía por unha vida diferente para a miña propia vida, porque todos queremos e desexamos algo mellor do que decote temos. E hai outras vidas distintas noutros tantos países, aínda que a min abóndame con ter só unha distinta á que xa teño. Porque eu devezoo por unha vida como a soñada dentro do meu soño de mil dólares, unha vida mellor que a que levo, unha vida que por dura que sexa coído que sempre será mellor.

E conto os días que restan para o remate do noso barco, o caiuco, para o pago do prezo xusto que vale o meu soño, para o embarque, para a travesía que me ha encamiñar a unha vida diferente, unha vida distinta que desexo tanto como respirar aire fresco, como auga fresca, como noites escuras e frías, como días de choiva seguida e continua; unha vida diferente que se desexa tanto como á muller que se quere, unha vida distinta que me apreixe entre os seus brazos coma un abrazo desa muller.

E a miña nova vida será feliz porque a soño feliz, porque calquera tipo de vida por dificultosa que sexa sempre será mellor que a que levo aquí, ou mellor, que a que non levo, porque eu (e todos) ímola deixando pasar sen máis remedio que facelo. E eu quero ser o dono da miña propia vida, facela percorrer os vieiros que eu marque, e non que sexa ela a que siga o camiño, o único camiño, que agora ten. Porque sempre hai máis camiños, sempre hai máis posibilidades que a que se ofrece. Seino, quero escoller algunha e escollela por min mesmo.

Van pasando os días, e cada día que pasa soño coa miña vida diferente que non pasa diante de min sen remedio, soño con novas ocupacións, soño cunha terra que me acolle, soño cunha muller que me amará nesa terra, soño coas apertas desa muller, soño con moitas cousas que ao mellor saen mal de tanto soñalas, pero soñar é de balde, aínda que para chegar a todo iso que soño preciso pagar un prezo que non sei se é xusto, pero que si sei que é exacto: mil dólares.

**E devecía por coñecer a terra onde os soños se cumprían.**

E devecía por coñecer a terra onde os soños se cumprían. Porque para terra onde os soños non se cumpren, onde os soños non se acadan, para unha terra así xa teño a miña. E para min, e para outros noventa e nove máis coma min, é moi importante chegar a esa nova terra, chegar ao país dos nosos soños, porque son moitos días soñando o mesmo soño, porque son

moitos días xuntando os cartos que se precisan para facer realidade o soño. E que importan os esforzos cando todo é a prol dunha vida mellor?

Devezo por coñecer a terra onde todos os soños se cumpren, porque xa teño o fato de mil dólares que necesitaba. Teño talvez cen dólares a máis, pero todo o diñeiro é pouco e na terra onde os soños se cumpren tamén se precisan cartos.

Quédame pouco e déitome a durmir, aquí, baixo a sombra destas árbores que nos agochan a todos e ao noso caiuco ata a noite, para seguir soñando con esa terra e con todos os meus soños anteriores aos que xa lles queda menos para verse feitos unha realidade, para deixaren de ser só os soños dun mozo soñador. E nunha ringleira longa, van pasando todos uns tras outros, sen que ningún me falle na memoria. E por primeira vez en tanto tempo tiven un soño malo: vin como os meus soños se ían afogando, un tras doutro, no fondo dun mar escuro de augas salgadas. Pero non se pode dar creto dun mal soño, porque ata agora foron todos soños bos, e sei que na terra que soñei rematarán por cumprirse. Os meus e tamén os dos demais que coma min soñaron cunha terra onde os soños se cumprían.

Xa non penso no prezo xusto de mil dólares, xa non os teño. É noite pecha e entregueillos á persoa que nos encargou o caiuco. A luz das estrelas escintileia no ceo da noite. Iso é un sinal de bo agoiro. Haberá bo tempo, seguro que mar calmo. Entro no caiuco coas miñas poucas pertenzas. Unha rapaza séntase a carón de min e sorríme. Eu devólvolle o sorriso. Talvez o meu soño de mil dólares empeza a ser realidade.

### **Devecía ...**

Devecía por sentir outra pel na miña pel. Devecía por soñar os soños doutros soños. Devecía por amar a quen nunca amara. Devecía por sentir uns brazos que me abrazaran. Devecía por sentir unhas mans que me aloumiñaran como nunca o fixeran. Devecía por sentir cousas que nunca sentira. Devecía por entender outras linguas que non entendía. Devecía por ver as paisaxes que nunca vira e percorrer camiños que endexamais percorrera. Devecía por unha terra mellor que non abrasara baixo dos meus pés. Devecía por un aire fresco da mañá que nunca coñecera. Devecía por unha airexa morna no solpor que nunca me abafase. Devecía por ver devalar as pingas da choiva nos cristais deixando unha ringleira mollada do seu paso. Devecía por ulir o arrecendo da terra húmida despois da choiva. Devecía por sentir a auga

percorrendo a pel do meu corpo. Devecía por unha vida diferente para a miña propia vida. E devecía por coñecer a terra onde os soños se cumprían. Devecía por deixar tras de min unha terra enxoita, podre, abafante. E o meu degoiro tiña un prezo xusto: mil dólares. E como o diñeiro só é diñeiro, paguei o prezo que valía a procura dos meus soños, o prezo que valían os meus devezos máis fondos. E subín naquel caiuco con outros cen que, coma min, devecían. E agora sinto ese tacto na miña pel, sinto esas mans que aloumiñan o meu corpo, sinto esas mans de ondas de auga salgada sobre os meus beizos e sobre as miñas costas núas nas que o sol me queima a pel dun xeito que xa coñecía. E coñezo unha nova paisaxe de area branca, e tamén escura coma unha noite eterna, porque os meus ollos non deixan de mirar a area da praia onde a miña cabeza se deita como nunha almofada, esa area cuos grans apegados nas miñas fazulas xa non sinto. E nun ceo cinsento que nunca soñei, a miña alma voa cara a ningures, porque xa non teño outros mil dólares e porque xa non teño vida para poder ter máis devezos, porque xa non teño vida para ter máis soños de prezo xusto mil dólares, soños que afogaron comigo no mesmo mar que me separaba deles.

**Rafael Laso Lorenzo**



### Francisco Piñeiro González

Mestre, nado no Reguengo, Mondoñedo. Comezou o seu labor docente en San Cugat del Vallés (Barcelona) de onde volveu para traballar en varias comarcas galegas, apousándose na súa Mariña Lucense. Para completar o seu traballo pedagóxico realizou varias experiencias teatrais no Auditorio Sargadelos que rematarían coa fundación e dirección dos grupos de teatro "O Bordelo" de Cervo (1998) e "A Adala" de Fazouro (1999), cos que leva máis de trescentas representacións polos escenarios de Galicia e Asturias, sempre con pezas da súa autoría.

Entre as súas obras máis representadas destacan: "Andar á comenencia", "Na encrucillada", "Cambadelas", "Relax-Total", "Trébedes sen lume", "Plática Sisual", "Khatarsis", "Anisocoria", "O Mariñán", "No San Campio", "Ferro e fariña", "Borrando sombras", "A derradeira batalla do Marqués de Sargadelos", "A caída do imperio", "Escoitando cores". Tamén son da súa autoría obras infantís, guiños para títeres, teatro de rúa, teatro radiofónico e dramatizacións de lendas históricas coma "A Cova da Serpe" e "Catalina de Santiso".

A Televisión de Galicia, gravou para os programas "De Galicia para el mundo" e "Galicia enteira" sínteses dos seus traballos escénicos de masas "A emigración", "A rebelión irmandiña", nos arredores do Castelo de Moeche e "O milagre do San Campio".

Algúns dos premios acadados son:

No eido do xornalismo:

1º Premio no "I Certame de Xornalismo Lorenzo Varela" polo artigo

"Lorenzo Varela, Quixote con alma galega"

1º Premio no "XXIX Certame Nacional de Xornalismo Belén de

Begonte polo artigo: "A nosa semente"

1º Premio no "XXX Certame Nacional de Xornalismo Belén de

Begonte polo artigo "A luz da igualdade"

No eido teatral:

1º premio "Laxeteatro" polo "San Campio"

2º premio "Daniel Cortezón" pola "Derradeira Batalla do Marqués de Sargadelos"

3º premio "Laxeteatro" por "Cambadelas"

3º premio "Daniel Cortezón" por "Katharsis"

4º premio "Daniel Cortezón" pola peza "Trébedes sen lume"

No eido da narrativa:

1º premio no "IX Certame Manuel Oreste Rodríguez López" polo traballo: "Da auga e da terra de Paradela"

1º premio no "X Certame Manuel Oreste Rodríguez López" por "Tempos de morno asubío"

1º premio na "XV Certame Literario "A Pipa" de Becerreá, por "O mudo de Becerreá"

Mención especial no "II Certame Rosa Reboredo" de Cornellá – Barcelona por "Cando o mudo falou"

Accesit no "XI Certame Manuel Oreste Rodríguez López" con "Os pétalos de Adila"

Accesit no "XII Certame Manuel Oreste Rodríguez López" con "Xálima Loio: Deus o vole"

En poesía:

Accésit no "VIII Certame Manuel Oreste Rodríguez López" polo poema "Ai de min Paradela"

Publicacións:

Teatro: "A derradeira batalla do Marqués de Sargadelos".

Edicións do Castro

Narrativa, xornalismo e poesía en edicións non venais da "Xunta de Galicia coas entidades convocantes"

# “Deus o vol”

Francisco Piñeiro González

---

## Xálima Loio: “Deus o vol”.

La belleza de una flor puede enfrentar sentimientos; el tallo, los zarandea mientras se agarra al ombligo de su tierra, mas la raíz, callada y a oscuras, espera y espera bebiendo sal hasta morir en ella.

I

Esta es la esencia del viento que agita la historia. Mueve y humilla a los hombres pero jamás borrará su raíz, su indeleble memoria. A mí me sorprende que haya pueblos capaces de luchar eternamente contra la adversidad. En Mauritania existe un lugar llamado Tichit donde sus habitantes, cada pocos años, cambian sus casas de piedra para no ser ahogados, cubiertos por las dunas de arena. ¿Cuántas personas hubo en la Tierra que, sin transportar sus piedras, sobrevivieron con su pueblo a cuestas?

Cuando comencé a observar la historia que hoy quiero narrar era verano. Aunque nosotros, los extremeños, tenemos la cara cincelada por los rayos del sol nos extraña que alguien resista un mediodía de agosto en la Plaza de Santiago, en Cáceres. Puede arriesgarse a ser achicharrado por una ola de hasta cuarenta y siete grados. Incluso sudan las palomas. Sin embargo aquellos hombres cada domingo y cada festivo se reúnen allí, con estoicismo. No se arredran, a pesar de sus avanzadas edades.

Hay gente que nunca se ha fijado en ellos. Si a alguno de ellos se le ocurriera morir se sería repuesto al momento. Siempre son trece y otros trece más. Llegan a la plaza puntualmente, una hora antes de la misa de doce. Se sitúan en dos círculos concéntricos. Los trece de adentro, tal fuesen desenvainar una espada, sacan de su bolsillo unha figura humana y la colocan a su gusto en el suelo de la plaza. Trece figuras. Los demás giran y vuelven atrás. Mismo parecen que están dando cuerda al reloj del tiempo. Para mí que no avanzan. Creo que lo miden al revés. Comentan, debaten y deciden sobre el destino de aquellas figurillas. Salvo raras estrategias, éstas son encaradas al sol, enfilando la Plaza del Socorro, cerca de la Iglesia de Santa María. A semejanza muñecos de terracota pero son de madera de fresno, como la lanza de Roldán. Y además sólo están elaborados con el arte de la navaja. En su base llevan un minúsculo espejo inclinado, arma letal para fulminar al contrario.



No es ajedrez ni es juego de “rol” y muchos menos petanca. Los veintiséis se saludan con la mano derecha al pecho y una leve reverencia, aunque vivan puerta con puerta. Los trece exteriores giran con el objetivo de asombrar alguna figura para que los rayos de otra la eliminen al instante. Es como si la nube de la historia fuese corrigiendo lo escrito. Las posturas se encuentran. Brotan gestos inquietos, saltos y miradas amenazantes. Se aprecian discusiones acaloradas, siempre en voz baja y en una lengua extraña. Jamás llegan a pegarse, ni siquiera a zarandearse. Por esa razón pensé si serían judíos.

## II

Todas estas teorías y otras muchas se las explicaba yo a mi amigo el hispanista Jhon Thomas Airon, por la calle Ancha, hacia la Cuesta de Aldana. Acababa de llegar procedente de Galicia. Había visitado el cementerio de los ingleses en la llamada “Costa da Morte” y el castillo de San Antón en La Coruña, aunque el verdadero motivo de su presencia en España era recoger datos para su último proyecto: “El tesoro de la batalla de Rande”.

